



CIRCULAR INFORMATIVA setembro 2024

Estimados pais e nais:

Iniciamos este curso escolar con ilusión xa que estamos seguros de que todos os que formamos esta Comunidade Educativa sumaremos esforzos para facer entre todos un colexio do que sentirnos orgullosos. Queremos agradecer de antemán a vosa colaboración e participación na consecución deste obxectivo común.

Aproveitamos a ocasión para darlle a benvinda a todas as familias que se incorporan a esta Comunidade Educativa.

Quedando á vosa disposición e desexando un bo curso para todos, recibide un saúdo.

Tarrío, 11 de setembro de 2024
O EQUIPO DIRECTIVO

INFORMACIÓN

1. Horario do curso

De setembro a xuño:	
Horario lectivo:	9:30 a 14:30 h
Comida:	14:30 a 15:30
Actividades extraescolares/recreo vixiado:	15:30 a 16:30h

2. Equipo Directivo

HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS	
• Directora: Ana M ^a Liñares Pérez.	9.30 a 10.20h de luns a venres
• Xefa de Estudos: María Dopico Iglesias.	13.40 a 14.30h de luns a xoves
• Secretaria: Almudena Veira Pernas.	9.30 a 10.20h: martes, mércores e xoves

3. Coches no recinto escolar

Para evitar os problemas que se ocasionan nas entradas e saídas, recordamos que aqueles pais e nais que traen ou recollen aos seus fillos en coche particular, teñen que aparcar no exterior do recinto escolar nos lugares habilitados, sen interrumpir en ningún caso as portas de entrada nin de saída.

4. Acceso ás aulas durante o horario escolar

Para non entorpecer o normal desenvolvemento da actividade escolar, só podedes acceder ás aulas en caso dalgún motivo xustificando e previo aviso á conserxe para que vos acompañe.

5. Períodos vacacionais

De acordo co calendario escolar para este curso 2024/2025 (DOG 23/04/2024), son os seguintes:

- Día do ensino: 31 de outubro de 2024.
- Nadal: do 23 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos os dous inclusive.
- Entroido: 3, 4 e 5 de marzo de 2025.
- Semana Santa: do 14 ao 21 de abril de 2025, ambos os dous inclusive.
- Festivos locais para todos os colexios do Concello: 4 de novembro e 2 de maio.

6. Horario de visita aos titores/as

Será todos os luns entre as 16:30 e as 17:30h. Sempre será necesario concertar a visita previamente para que o titor/a poida recoller información doutros profesores e dedicarlle o tempo necesario.



Se tendes inconvenientes para acudir nese horario, debeses poñervos en contacto co titor/a para concertar outra hora ou poder falar por telefono.

7. Recreo e almorzo de media mañán

O recreo é de 12:00 a 12:35h e sairase ao patio se a situación meteorolóxica o permite.

O alumnado traerá unha unha merenda saudable seguindo as recomendacións que se enviarán. Esta merenda será na aula entre as 12 e as 12:10h.

8. Transporte escolar

Neste curso funcionarán 10 liñas e as paradas non cambian con respecto ás do pasado curso.

Prégase puntualidade, especialmente á hora de saída do centro.

O alumnado que non ten dereito a este servizo e que fixo a solicitude, xa poderá facer uso del.

9. Comedor escolar: funcionamento

Desde o mesmo 11 de setembro, comenza a funcionar este servizo con total normalidade.

Todo o alumnado comerá de 14:30 a 15:30h no comedor escolar.

10. Reunións de principio de curso cos pais e nais

Celebraremos as reunións de pais e nais pendientes conforme ao seguinte cadro:

CURSOS	DÍA		HORA	LUGAR
3º ciclo (5º e 6º)	mércres	14 de outubro	16:45h	Salón de audiovisuais
2º ciclo (3º e 4º)	luns	2 de outubro		
Infantil (4 e 5 anos)	luns	7 de outubro		
1º ciclo (2º)		30 de setembro		

Na primeira parte das reunións, falaremos de aspectos xerais do funcionamento do noso colexio e, a continuación, celebraranse as correspondientes reunións por titorías/niveis para que faledes temas máis concretos.

11. Roupa

Tendo en conta a cantidade de roupa que habitualmente se xunta en “obxectos perdidos”, recomendamos encarecidamente que toda a roupa e obxectos persoais dos vosos fillos e fillas veñan debidamente identificados (nome e apelidos do alumno), xa que pasado un tempo prudencial será enviado a algunha organización benéfica.

12. Axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo 24/25

A convocatoria destas axudas pódese consultar a través da web da sede electrónica do Ministerio de Educación e tamén na páxina web do colexio.

As solicitudes e toda a documentación deben entregarse no centro antes do 13 de setembro.

Para resolver calquera dúbida debeses poñervos en contacto co Departamento de Orientación do colexio.

